

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

Mesa Xeral de Negociación da Admon do estado, do artigo 36.3 do (TREBEP)

22/12/2023

A CIG NON ASINA A TASA EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN

O venres 22 de decembro celebrouse a **MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, do artigo 36.3** do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP). O único punto da orde do día era a **tasa adicional de estabilización na Administración Xeral do Estado prevista no artigo 217 do Real Decreto-Lei 5/2023, de 28 de xunio**.

Este R.D.L 5/2023 do 28 de xunio foi publicado días antes da celebración das eleccións xerais ao parlamento español. É importante clarificar que este procedemento de Real Decreto Lei é unha norma que a constitución só admite para casos de "extraordinaria e urxente necesidade". Pois ben, este goberno utilizouna, unha vez máis, entre outras cousas para dun xeito unilateral e sen negociación colarnos este artigo 217.

Cal é o fin deste artigo? Permitir a quen cumprindo os requisitos para poder participar nun proceso de estabilización coas regras da Lei 20/2021, de 28 de decembro, non tiveran a posibilidade de facelo, porque os procesos de estabilización nos que participaban anteriores se solapaban cos derivados da lei 20/2021.

Tipo de convocatoria. A disposición adicional sexta da lei 20/2021 establece que o sistema selectivo será o de CONCURSO.

Dos cinco sindicatos representados na Mesa Xeral votaron a favor UGT e CCOO, abstívose o sindicato ELA e votamos en contra CSIF e **CIG**.

A CIG fundamentou o seu voto en contra polo seguintes motivos:

- A convocatoria de mesa xeral é un mero trámite xa que a Administración só está a dar cumprimento por obriga do lexislado tanto na lei 20/2021 como no RDL 5/2023, normas que no referente a estabilización no seu articulado e disposicións foron adoptadas dun xeito unilateral e sen negociación.
- Solicitabamos dun xeito incondicional a identificación das prazas e un concurso previo, cousa que non facilitou a admon.
- Entendemos que é unha medida corporativista, endogámica e inxusta. E que corresponde aos sindicatos garantir que calquera cidadano poda ter acceso a traballar na administración a través dun sistema selectivo xusto.
- O art 217 do RD 5/2023 recolle que nesta oferta adicional os procesos selectivos se axustaran os principios de igualdade, mérito, capacidade e libre concorrência, e entendemos que co proceso selectivo que recolle a disposición adicional sexta da lei 20/2021 non se están a cumprir.